**XORNADA BEN FURMAN** *Sábado 9 de setembro de 2017*

*TERAPIA CENTRADA EN SOLUCIÓNS PARA NENOS, NENAS E ADOLESCENTES DO S.XXI*

Nome ____________________

Enderezo ____________________

C.P. ________ Localidade ____________________

Teléfono ________ Email ____________________

Titulación Universitaria ____________________

- ☐ Socio/a da **ATFM/FEATF** (1) **40 €**
- ☐ Non socio/a da **ATFM/FEATF** **80 €**
- ☐ Desempregado/a (2) **40 €**
- ☐ Estudante universitario, máster e 3º Ciclo (3) **40 €**
- ☐ Solicita factura. **NIF:** ____________________

**ASOCIACIÓN DE TERAPIA FAMILIAR E MEDIACIÓN DE GALICIA**

Número de conta **BANCO SABADELL GALLEGO**:

**ES55 0081 0499 6700 0181 8088**

Remitir esta ficha de inscrición xunto co xustificante de pago e a documentación requerida antes do prazo límite de recepción a *info@atfmgalicia.com*.

*Teléfono: 615 207 595*

*(1) Comprobarase na **FEATF**.*

*(2) Xuntar xustificante actualizado da situación de desemprego.*

*(3) Xuntar certificación da **Secretaría da Facultade**.*

*En cumprimento da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os seus datos persoais serán incluídos na base de datos da Asociación de Terapia Familiar e Mediación de Galicia (ATFM) ante a cal poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición na Rúa de Amio 114, 15707 Santiago de Compostela.*

## ORGANIZA


***Asociación de Terapia Familiar e Mediación de Galicia***

*Rúa de Amio 114, 15707 - Santiago de Compostela*

*Tel.: 615 207 595*

*info@atfmgalicia.com - http://atfmgalicia.org*

***Membro da Federación Española de Asociacións de Terapia Familiar (FEATF)***


# Asociación de Terapia Familiar e Mediación de Galicia

### XORNADA

# BEN FURMAN

## *Terapia Centrada en Solucións para nenos, nenas e adolescentes do século XXI*

**Sábado 9 de setembro de 2017**

**Santiago de Compostela**

# BEN FURMAN

***"O segredo mellor gardado do milagre da educación en Finlandia: non é o método, son as relacións." (Dr. Ben Furman)***

## DATA

*Sábado, 9 de setembro de 2017.*

## HORARIO

*De 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas (acreditaranse 8 horas de formación).*

## LUGAR

*Facultade de Psicoloxía - Campus Vida. Santiago de Compostela.*

## PRAZAS

*Aforo limitado a 100 prazas que se ocuparán en rigurosa orde de recepción. Confirmarase aos aceptados/as por correo electrónico a súa inscrición.*

## INSCRICIÓNS E TAXAS

*Enviarase por correo electrónico a ficha de inscrición xunto co xustificante da transferencia bancaria e a documentación requerida.*

- *Socios/as da ATFMG ou da FEATF, estudantes universitarios, máster, 3º Ciclo e desempregados/as* **40 €**
- *Non socios/as da ATFMG* **80 €**

## PRAZO

*Prazo límite de recepción de inscricións: martes 5 de setembro de 2017 ou ata ocupar todas as prazas.*

## DIRIXIDO A

*Profesionais da terapia familiar, psicoloxía, ensino, pedagoxía, orientación escolar, educación social, psiquiatría, etc.*

## PRESENTACIÓN

*"**Habilidades para nenos**" é un método da Terapia Centrada en Solucións que busca axudar a nenos, nenas e adolescentes a que se responsabilicen das súas accións mediante unha aprendizaxe práctica e divertida.*

## SOBRE O AUTOR

*O Dr. **Ben Furman** é un psiquiatra e psicoterapeuta finés de renome internacional, recoñecido prestixio e moi requirido como formador e supervisor no campo da terapia centrada en solucións.*

*Ensina unha aproximación á terapia na que se fai fincapé nos **recursos** en lugar dos fracasos, nas **solucións** en lugar dos problemas.*



*Ademais de ensinar en Finlandia e no resto de Escandinavia, o Dr. Furman impartiu talleres en Estados Unidos, gran parte de Europa, Israel, Rusia, Australia, Nova Zelandia e China. Os seus máis de 20 libros e artigos traducíronse a moitas linguas.*

*Xunto co seu colega **Tapani Ahola** desenvolveu unha serie de ferramentas psicolóxicas cooperativas, incluíndo, entre outras:*

*-"**Reteaming**", un modelo de coaching cooperativo para facilitar o cambio.*

*-"**Habilidades dos Nenos**", un método creativo para axudar aos menores a superar problemas emocionais e de comportamento.*

*-"**Pasos de Responsabilidade**", un conxunto de directrices para substituír o castigo estándar por axuda aos menores a asumir a responsabilidade polas infraccións cometidas.*

*-"**Twinstar**", unha ferramenta para ensinar psicoloxía enfocada nas solucións a xestores e empregados/as de forma que se facilite crear unha cultura organizacional máis centrada nas solucións.*

## "YO SOY CAPAZ"




*Entre os libros máis coñecidos do Dr. Furman destaca o seu bestseller "**Nunca es tarde para una infancia feliz**" Octaedro (2013) e os seus dous libros sobre habilidades dos nenos (Kid´s Skills) os cales convertéronse nun método moi popular en Finlandia para axudar a nenos e nenas a superar todo tipo de dificultades emocionais e condutuais. En España son coñecidos como "**Yo soy Capaz**".*

*Ademais, baseado nos mesmos principios de "**Yo soy capaz**", Ben Furman desenvolveu un programa de adestramento de 5 sesións breves para pais, nais coidadores/as e profesorado titulado "**Habilidades dos nenos para pais**" (Kid´s skills for parents). O obxectivo é ofrecerlles unhas ferramentas útiles para facer fronte aos desafíos e dificultades na educación e crianza dos nenos e das nenas. O programa busca familiarizar aos pais e nais con fillos/as de 3 anos en diante, incluíndo adolescentes, nos principios básicos da **Terapia Centrada en Solucións** e as súas aplicacións para*




*Na súa web **http://benfurman.com** poden verse as diversas aplicacións que desenvolveu para móbiles e tablets.*